



UNIDADE 2 RELEVO

DEFINICIÓNS

CONTINENTE: é unha grande extensión de terra que presenta alguna diferenza salientable respecto das veciñas.

OCÉANO: unha grande extensión de auga salgada.

RELEVO: refírese ao conxunto das diferentes formas que adopta a superficie da Terra, apreciamos tres formas de relevo: elevado, chá e afundido

MONTAÑA: é un accidente xeográfico, que podemos definir como unha elevación sobre terreo lindeiro, formada normalmente a partir da erosión

CHAIRA: é unha planicie extensa situada ao nivel do mar e sempre por baixo dos 500 metros

MESETA: é unha planicie extensa situada a unha determinada altura sobre o nivel do mar, sempre por riba dos 500 metros

VAL: é un accidente xeográfico que forma unha depresión lonxitudinal, cerrada por áreas mais altas, como montañas ou outeiros.

RÍO: é un accidente xeográfico consistente nun curso natural e permanente de auga doce, que flúe por un leito e que desemboca no mar, nun lago, noutro río, ou incluso no deserto.

CAUCE: É a parte do fondo dun val por donde discurren as augas dun río

ACUÍFERO: Formación rochosa porosa e impermeable. No seu interior pode almacenarse auga subterránea.

DELTA: ó territorio triangular formado na desembocadura dun río, mediante a acumulación de sedimentos

ESTEIRO: é un accidente xeográfico formado na parte final dun río e que se encontra en contacto directo co mar